

## NOVA

# O MEMBRO DE HISTAGRA, DIEGO CONDE, NOVO ACADÉMICO CORRESPONDENTE DA REAL ACADEMIA DE CIENCIAS VETERINARIAS DE ESPAÑA.

Este luns 19 de decembro, o membro colaborador de HISTAGRA, Diego Conde foi elixido académico correspondente da Real Academia de Ciencia Veterinarias de España (RACVE) dentro da sección 5ª de Historia da Veterinaria.

Reunida a Xunta Plenaria Extraordinaria da RACVE, esta deu o seu voto favorable á proposta avalada polos académicos de número Dr. Miguel Ángel Vives Vallés, Dr. José Manuel Etxaniz Makazaga e a Dra. María Cinta Mañé Seró.



Con esta elección reconécese o traballo que durante os últimos anos ven realizado Diego Conde a prol da recuperación e divulgación da historia da profesión veterinaria e a da gandería, especialmente no ámbito galego. A súa tese doutoral “Veterinaria e mellora pecuaria na Galicia contemporánea. O papel de Juan Rof Codina”, baixo a dirección de Lourenzo Fernández Prieto e Manuel Cifuentes, serviu como base para a publicación de traballos que contan co recoñecemento de diferentes premios. Así, o libro “Canto val unha vaca?. Da cuestión agraria á cuestión pecuaria” recibiu en 2013 o Premio Manuel Murguía de Ensaio que concede a Deputación da Coruña, ou o traballo publicado por Xerais en 2015 “Juan Rof Codina. Renovación na veterinaria e gandería galega contemporánea” que acadou o Premio Jesús García Calvo que convocan o Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (Idega) da USC e a Fundación Feiraco, e que recentemente quedou finalista nos Premios da Crítica de Galicia.

Na actualidade, os seus estudos céntranse principalmente en dúas liñas de traballo. En primeiro lugar no proceso de mellora e transformación da Raza Rubia Galega a través da historia e a implicación dos gandeiros en dito proceso. Por outra banda, está recompilando información sobre o papel que xogou a profesión nas transformacións que se veñen levado a cabo nas explotacións leiteiras do noso país dende



finais do século XIX, a evolución das condicións hixiosanitaria do leite e a importancia que as iniciativas cooperativistas tiveron durante este período.

**Diego Conde:**

Diego Conde (Ourense, 1977) é Doutor en Veterinaria pola Universidade de Santiago de Compostela (2000). Membro de Historia Veterinaria Galega (HISVEGA). Realizou a Tese Doutoral “Veterinaria e mellora pecuaria na Galicia contemporánea. o papel de Juan Rof Codina”, baixo a dirección de Lourenzo Fernández Prieto e Manuel Cifuentes Martínez.

As súas liñas de investigación son: Historia da Veterinaria e a Gandería; Historia Agraria; Historia da innovación e modernización científica no ámbito agropecuario; Guerra Civil e Franquismo.

**Ligazóns:**

<http://racve.es/>

<http://histagra.usc.es/gl/persoa/3a130faf174c/>